



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DATA 12 DE FEBREIRO DE 2018.

ASISTENTES

GRUPO POLITICO

ALCALDESA, que preside:

D^a M^a Lourdes Ucha Varela

PP

CONCELLEIROS:

D. José Ramón Gondar Pintos

PP

D. Ramón Tilve Castro

PP

D^a Milagros Pérez Gándara

PP

D^a M^a Pilar González Dopazo

PP

D. José Manuel Méndez Lázaro

PP

D^a Rosalina Lima Prado

PP

D. José Manuel Ásperez Montes

MI

D. Antonio Rial Lastres

MI

D. José Varela Budelo

MI

D^a M^a del Pilar Prado González

MI

D. Icia García Fernández

PSdeG-PSOE

D. Manuel Radio Oubiña

PSdeG-PSOE

SECRETARIA:

D^a M^a Teresa Escudero Barral

No Salón de Sesións da Casa Consistorial de Meaño, ás 20:00 horas do día 12 de febreiro de 2018, reúnese, previa convocatoria, o Pleno da Corporación en sesión ordinaria, coa asistencia dos Sres/as concelleiros/as que se relacionan na marxe.

A tódolos asistentes fíxoselles chegar copia da orde do día, cos asuntos a tratar, poñéndose a súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente.

Concorrendo o quorúm necesario, declárase validamente constituída a sesión.

Aberta a sesión, pásase seguidamente ao exame dos puntos incluídos na orde do día da convocatoria.

O Sr. Varela Budelo proponlle aos membros do Pleno da Corporación que se garde un minuto de silencio por José Luis García Dorado, funcionario deste Concello recentemente finado.

Os membros do Pleno da Corporación e os asistentes gardan un minuto de silencio.


1º.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN DE DATA 28 DE DECEMBRO DE 2017.

Dáse conta do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á sesión extraordinaria de data 28 de decembro de 2017 preguntando se algún membro da Corporación desexa formular observacións ou rectificacións á mesma.

Toma a palabra o Sr. Ásperez Montes, quen sinala “*NON aprobamos a acta anterior ó non recoller a mesma, tal e como pedin no transcurso do pasado Pleno, a afirmación da alcaldesa de que o campo de fútbol non estaba inaugurado porque a Deputación non recepcionara a obra e non había outro problema.

Entón para que foi contratada a empresa Tendidos Moncosa polo Concello durante o mes de decembro e xaneiro, insisto contratada polo concello (presuposto, factura e pago dos traballos).

I.F.: P-36.02700-A Regi. E.L.: 01360274 Nº FELGA: MU 2000/





CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tif: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

Quero que conste, porque non dicir a verdade non está ben, pero mentir, e ser mentireira, cando máis por parte da alcaldesa, mellor que quede constancia”.

Feita esta puntualización e tomada nota da mesma; sometese a votación o borrador da acta correspondente a sesión de data 28 de decembro de 2017, quedando aprobada por unanimidade dos trece membros.

2º.- RESOLUCIÓN DE ALEGACIONES PRESENTADAS Ó ORZAMENTO MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2018 E APROBACIÓN DEFINITIVA DO MESMO.

A Sra. alcaldesa-presidenta maniféstalles aos membros do Pleno da Corporación, que mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 4, de data 5 de xaneiro de 2018, quedou exposto ao público o Orzamento Municipal 2018 polo prazo de quince días hábiles, comprendido entre o día 8 ao día 26 de xaneiro de 2018, para que os interesados puidesen examina-lo e presentar reclamacións ante o Pleno da Corporación, presentando as seguintes:

- D. Eduardo Rejo Portela, na súa condición de Presidente da Unión Provincial da Central Sindical Independiente y de Funcionarios e D. Jerónimo Fernández Vicente, como Coordinador da Administración Local da Central Sindical Independiente y de Funcionarios na Provincia de Pontevedra (CSI-F).

- D^a Bernardina Porral Mosquera, en calidade de secretaria comarcal de CIG-Administración.

- D^a Ana M^a Alonso Robledo.

- D^a Icíá García Fernández, voceira do Grupo Municipal Socialista (PSdeG-PSOE) no Concello de Meaño.

Dando conta someramente do informe emitido pola secretaria-interventora, con data 6 de febreiro de 2018, cuxo contido literal e o seguinte:

“ASUNTO: Resolución de reclamacións, corrección de erros e aprobación definitiva do Orzamento Municipal para o exercicio 2018.

En cumprimento do ordenado pola Alcaldía en relación co asunto de referencia e en cumprimento do establecido no artigo 3.a) do R.D. 1174/1987, de 18 de setembro, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional e do artigo 54.1 do R.D. Lvo. 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes sen materia de Réxime Local, emítase o seguinte INFORME:

Antecedentes:

Primeiro. O Pleno da Corporación en sesión extraordinaria de data 28 de decembro de 2017, acordou aprobar inicialmente o Orzamento municipal para o exercicio económico 2018.

Segundo. No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 4 de data 5 de xaneiro de 2018 publícase anuncio de exposición pública da aprobación inicial do Presuposto Municipal 2018 coa documentación que o integra, dando cumprimento ao artigo 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, por un prazo de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP, para que os interesados puidesen examina-lo e presentar reclamacións ante o Pleno da Corporación; empezando o



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

computo deste período o día 8 de xaneiro e rematando o día 26 de xaneiro de 2018.

Terceiro. Neste período presentáronse os seguintes escritos de alegacións:

- Rexistro de entrada no Concello de Meaño, nº 2018-E-RC-190 de data 19-01-2018, subscrito por D. Eduardo Rejo Portela, na súa condición de Presidente da Unión Provincial da Central Sindical Independiente y de Funcionarios e D. Jerónimo Fernández Vicente, como Coordinador da Administración Local da Central Sindical Independiente y de Funcionarios na Provincia de Pontevedra (CSI-F).

- Rexistro de entrada no Concello de Meaño, nº 2018-E-RC-286 de data 26-01-2018, subscrito por Dª Bernardina Porral Mosquera, en calidade de secretaria comarcal de CIG-Administración.

- Rexistro de entrada no Concello de Meaño, nº 2018-E-RC-298 de data 26-01-2018, subscrito por Dª Ana Mª Alonso Romero.

- Rexistro de entrada no Concello de Meaño, nº 2018-E-RC-303 de data 26-01-2018, subscrito por Dª Icíá García Fenández, voceira do Grupo Municipal Socialista (PSdeG-PSOE) no Concello de Meaño.

Lexislacion aplicable:

1º.- Artigos 169,170, 171 e demais concordantes do a Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).

2º.- R.D. 500/1990, de 20 de abril (RP)

3º.- Artigos 97 e demais concordantes do RD 2568/1986, do 28 de novembro (ROF).

4º.- Artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)

Fundamentos xurídicos e económicos:

Primeiro. En relación aos escritos de reclamación ao Orzamento Municipal para o exercicio 2017, aprobado provisionalmente polo Pleno da Corporación en sesión de data 28 de decembro de 2018, e ás peticións incorporadas, presentadas, compróbase:

Primeiro.- Que foron presentados no período de exposición pública regulado no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Segundo.- Que o presentado por Dª Ana Mª Alonso Robledo, entendido como reclamación e en ningún caso como recurso de reposición, exerceuse en defensa dun interés persoal e directo, regulado no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Os presentados por D. Eduardo Rejo Portela, na súa condición de Presidente da Unión Provincial da Central Sindical Independiente y de Funcionarios e D. Jerónimo Fernández Vicente, como Coordinador da Administración Local da Central Sindical Independiente y de Funcionarios na Provincia de Pontevedra (CSI-F), por Dª Bernardina Porral Mosquera, en calidade de secretaria comarcal de CIG-Administración e Dª Icíá García Fenández, voceira do Grupo Municipal Socialista (PSdeG-PSOE) no Concello de Meaño, exerceuse en defensa dos intereses que lle son propios.

Segundo.- O artigo 170.2 do R.D.Lvo. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o artigo 22.2 do R.D. 500/90, do 20 de abril, que desenvolve o capítulo primieiro do título sexto da lei 39/88, dispón que unicamente poderán entablarse reclamacións contra o orzamento:

a) Por non terse axustado a súa elaboración ós trámites establecidos nesta lei.



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com

- b) Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigacións esixibles á Entidade Local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.
- c) Por seren de manifesta insuficiencia os ingresos con relación ós gastos orzamentarios ou ben destes respecto ás necesidades para as que estean previstos.

Terceiro.- Con carácter xeral, en relación coas **pretensións deducidas**, cabe subliñar que os cadro de retribucións foron elaborados tendo en conta:

1.- Os artigos 2 e ss. do Real Decreto 861/86, do 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local, que sinalan que a contía das retribucións do persoal de Administración Local será a que fixe a Lei de Presupostos Xerais do Estado do ano correspondente para cada un dos grupos niveis do posto de traballo que desempeñen.

2.- O artigo 21 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, que establece:

“1. As contías das retribucións básicas e o incremento da contías globais das retribucións complementarias dos funcionarios, así como o incremento da masa salarial do persoal laboral, deberán reflexarse para cada exercicio orzamentario na correspondente Lei de Orzamentos.

2. Non poderán acordarse incrementos retributivos que globalmente supoñan un incremento da masa salarial superior ós límites fixados anualmente na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o persoal”.

3.- Tanto no intre da elaboración do Orzamento Municipal 2018 obxecto de reclamación como neste intre non está aprobada a Lei de Presupostos Xerais do Estado, polo que resulta de aplicación o establecido no artigo 134.4 de la Constitución Española e artigo 38.1 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

A este respecto hai que ter en conta o que sinala a Subdirección General de Ordenación Normativa y de Recursos del Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas en informe de data de 4 de outubro de 2016, a propósito do Presupuesto prorrogado de 2016 para 2017 e que pode facerse extensible a situación actual *«De acuerdo con los artículos 134.4 de la Constitución y 38 de la Ley General Presupuestaria, si la Ley de Presupuestos Generales del Estado no se aprobara antes del primer día del ejercicio económico correspondiente, se considerarán automáticamente prorrogados los presupuestos iniciales del ejercicio anterior hasta la aprobación y publicación de los nuevos en el «Boletín Oficial del Estado».*

Es decir, la prórroga afecta a los créditos pero no a las normas de la Ley de Presupuestos Generales del Estado que tengan una vigencia anual, como sucede con las normas que establecen limitaciones a los incrementos retributivos.

El artículo 19 de la Ley 48/2015, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2016 regula el incremento aplicable en este ejercicio y, por ello su vigencia se agota en 2016.

En consecuencia, la eventual prórroga en 2017 de la Ley de Presupuestos Generales del Estado para el año 2016 no implica que las retribuciones del personal del sector público se vuelvan a incrementar un 1 por ciento en 2017, sino que quedarían congeladas en las cuantías vigentes en 2016»

Cuarto.- A vista do anterior, pásase a examinar de maneira individualizada as alegacións contidas nos escritos de reclamación presentados e que se expoñen de forma extractada:

a) **D. Eduardo Rejo Portela, na súa condición de Presidente da Unión Provincial da Central Sindical Independiente y de Funcionarios e D. Jerónimo Fernández Vicente, como Coordinador da Administración Local da Central Sindical Independiente y de Funcionarios na Provincia de Pontevedra (CSI-F):**

A. Non existe unha Relación de Postos de Traballo como tal.



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

B. Amosan o seu desacordo co complemento específico que teñen asignados os postos do corpo da Policía Local e propoñen asignar aos postos de Policía Local, Auxiliar Administrativo e Operario o mesmo complemento específico que aos postos de Administrativo, a cantidade de 8.500,00 €.

C. Propoñen establecer unha escala de niveis de complemento de destino, coa asignación aos postos de Policía Local do nivel 20.

D. Expoñen que, tal como sucede co soldo, que sinalan que o soldo do grupo máis alto non pode ser superior en tres veces o do grupo máis baixo, a mesma correlación se debería aplicar ao complemento específico e de destino.

E. Expoñen discrepancias co resultado da negociación.

En canto ao anexo de persoal o Orzamento Municipal 2018 contén a documentación que preceptúa o artigo 168 do (TRLRFL) e concretamente o punto 1, letra c) e o artigo 90.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora da Bases do Réxime Local e Disposición Transitoria Segunda do R. D. 861/1986, polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios de Administración Local.

En canto as retribucións complementarias asignadas aos postos aos que se ven facendo referencia ao longo do escrito de reclamación (complemento específico e complemento de destino) non son obxecto, dun primeiro establecemento nin neste presuposto, nin na relación de postos de traballo-católogo que ao mesmo se acompaña, xa que o seu establecemento foi realizada en exercicios precedentes, e no presente exercicio o seu alcance económico ven determinado polas limitacións presupostarias establecidas polo lexislador estatal nesta materia, limitándose o Presuposto en tramitación e que foi obxecto de exposición pública, a recoller as previsións dos presupostos precedentes e os imprescindibles cambios no complemento de destino da Policía Local consecuencia da necesidade de adaptar a estrutura de persoal aos requirimento de especialización profesional e competencia, e impulsar o dereito á progresión na carreira profesional nunha planificación plurianual con suxeición aos límites presupostarios fixados pola lexislacion vixente de obrigada observancia para esta entidade local.

Respecto de que se faga extensiva a correlación dos soldos, respecto dos complementos específicos e de destino, en primeiro termo, hai que indicar que a normativa a que aluden, artigo 24 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública, foi derogada pola disposición derogatoria única. b) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público e reiterada a derogación pola letra b) da disposición derogatoria única do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por R.D.Lvo. 5/2015 do 30 de outubro, aínda cando resultase de aplicación (que non o é), non procedería facerse extensiva aos complemento específico e de destino a previsión legal invocada respecto ao soldo.

Por último sinalar, en relación coas discrepancias co resultado da negociación, que, aínda cando a Administración teña a obrigación de negociar sobre determinadas materias, non ten a obrigación de chegar a un acordo, polo que en caso de disenso na negociación, a Administración recupera de maneira total a potestade de regular tales materias. En suma, para a elaboración e tramitación da aprobación do orzamento seguíronse as determinacións legais de aplicación previstas no TRLRHL, así como o artigo 30 e seguintes da Lei 9/1987, do 12 de xuño, de Órganos de Representación, Determinación das Condicións de Traballo e Participación do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

Polo tanto, examinadas as alegacións da Central Sindical Independiente y de Funcionarios CSI-F pódese comprobar que ningunha delas se fundamenta nos motivos contemplados no artigo 170.2 do R.D.Lvo. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

b) D^a Bernardina Porral Mosquera, en calidade de secretaria comarcal de CIG-Administración.

A. Expón discrepancias con que a convocatoria da Mesa de Negociación fose para o mesmo día que o da celebración da Comisión e o Pleno.

B. Que os trienios se aboan dende o inicio da relación laboral e se aplique a todo o persoal.

C. Amosan o seu desacordo co complemento de destino e co complemento específico asignados aos postos da Policía Local porque se lles asigna máis factor de responsabilidade a un posto de auxiliar



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

administrativo.

D. Que o proceso de estabilización se faga con todas as prazas que levan no Concello máis de tres anos.

E. Parécelles inaceptable que non se inclúan os desprazamentos ao persoal de axuda a domicilio .

F. Amosan o seu desacordo a que o complemento de produtividade quede a libre disposición da Alcaldía e solicitan que se apliquen os criterios marcados na documentación.

G. Que as retribucións do persoal laboral temporal sexan equiparados ao persoal funcionario do mesmo grupo en canto a soldo e complemento de destino e co específico máis baixo que teña o funcionario do seu grupo.

Sobre as discrepancias da data de celebración da Mesa de Negociación reiterar o sinalado en relacións á formulada pola CSI-F.

Respecto dos complementos específicos asignados aos postos da Policía Local, foron establecidos en exercicios anteriores, sendo así que, no presente exercicio o seu alcance económico vén determinado polas limitacións orzamentarias establecidas polo lexislador estatal na materia, recollendo o orzamento municipal aprobado inicialmente as previsións dos orzamentos precedentes e con suxeición aos límites orzamentarios fixados tanto pola lexislación orzamentaria como pola lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de obrigado cumprimento para as entidades locais. En canto os complementos de destino asignados aos postos da Policía Local, modifícanse, incrementando o nivel co ánimo de profundar na especialización profesional e competencia, e impulsar o dereito á progresión na carreira profesional nunha planificación plurianual, asignando no exercicio 2018 o complemento de destino 18, e no exercicio 2019, o complemento de destino 19, con suxeición aos límites presupuestarios fixados pola lexislacion vixente.

Polo que respecta aos trienios do persoal laboral, contémplanse de conformidade co contido do Acordo do Pleno do Concello de data 27 de decembro de 2012, polo que se aprobou o orzamento para o exercicio 2013.

Polo que se refire ao complemento de produtividade, o artigo 5, nos puntos 5 e 6 do RD 861/1986 establece que lle corresponde ao Pleno de cada Corporación determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación de complemento de produtividade e ao Alcalde ou ao Presidente da Corporación a distribución da devandita contía entre os diferentes programas ou áreas e a asignación individual do complemento de produtividade, con suxeición aos criterios que no seu caso establece o Pleno, sen prexuízo das delegacións que poida conferir conforme ao establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril.

En canto ao proceso de estabilización, ao abono dos desprazamentos ao persoal de axuda a domicilio, e ás retribucións do persoal laboral temporal, a interesada pretende o recoñecemento de obrigacións por parte do Concello que non resultan esixibles de conformidade co establecido no artigo 170.2 b) do TRLRHL.

En definitiva, do contido das anteriores alegacións da reclamación do sindicato CIG non se deriva a concorrencia dalgún dos supostos taxados no artigo 170.2 do TRLRHL.

c) D^a Ana M^a Alonso Romero; que solicita a rectificación do orzamento inicialmente aprobado de maneira que:

A. Se inclúa dentro das características do posto de educadora familiar a da dirección do Centro Social Polivalente e a retribución por elo.

B. Se permita o ascenso por promoción interna, con tódolos efectos inherentes a tal situación, á categoría de psicóloga/educadora familiar.

C. Se eliminen as desigualdades económicas da reclamante respecto dos postos de idéntico grupo profesional A2 de “Asistente social” e “Axente de emprego e desenvolvemento local”, aumentándolle as retribucións da reclamante.



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com

De conformidade co previsto no artigo 170.2.b) do referido, estas alegacións non se atopan dentro dos motivos previstos para presentalas, xa o Concello non ten ditas obrigas por non existir ningunha lei, sentenza ou calquera outro título lexítimo que así o estableza.

d) D^a Icíá García Fernández, voceira do Grupo Municipal Socialista (PSdeG-PSOE) no Concello de Meaño.

A. Que se lle entregue a documentación solicitada nos seus escritos de data 10-01-2018, nº 2018-E-RC-82 e 22-01-2018, nº 2018-E-RC-210.

B. Que se retrase a aprobación definitiva do Presuposto Municipal ata que se lles permita realizar a súa labor de oposición.

De conformidade co previsto 170 do TRLRFL, esta reclamación tampouco se encadra en ningún dos motivos previstos de alegación ao Orzamento e a petición plantexada non sería obxecto deste informe, considerandoa máis de índole político.

Polo tanto examinadas as alegacións da Central Sindical Independiente y de Funcionarios (CSI-F) da Conferencia Intersindical Galega-Administración Pública, de D^a Ana Alonso Robledo e do Grupo Municipal PSdeG-PSOE, pódese comprobar que ningunha delas se fundamenta nos motivos contemplados no artigo 170.2 do R.D.Lvo. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; isto é, que o orzamento non se axustara para a súa elaboración e aprobación aos trámites legalmente establecidos; nin se haxa omitido o crédito necesario para o cumprimento de obrigacións esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo; nin sexan de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzados ou ben destes respecto das necesidades para as que estea previsto.

En CONCLUSIÓN, estas alegacións non enervan a validez xurídica do acordo de aprobación inicial do orzamento, non obstante, o Pleno decidirá o que estime conveniente, non podendo aceptar as alegacións que supoñan incremento do gasto sen que se propoña o seu financiamento.

Quinto.- Ó amparo do previsto no artigo 109 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, as Administracións poden rectificar en calquera momento os erros materiais, aritméticos e de feito, existentes nos seus actos. A este respecto advertidos os seguintes erros propónse a súa rectificación do seguinte xeito:

- PLAN DE INVESTIMENTOS

* Advírtese un erro na denominación do investimento Código Identificación 20/2018, denominado "Mellor dos camiños rurais de Meaño: Padrenda, Axís e Besada (Simes)"

Quedando a corrección: Mellora dos camiños rurais de Meaño: Pereiras-Meaño, Axís-Simes e A Besada-Simes.

- CADRO DE RETRIBUCIÓN ANUAL 2018 PERSOAL LABORAL FIXO

* Adviertense os seguintes erros:

- Arquitecto, Importe anual antigüidade 261,06 €; sendo o correcto 139,26 €, quedando o cadro anual correcto, como segue:

SOLDO ANUAL	ANTIGUIDADE	TOTAL	PAGASE EXTRAS	RET. BRUTAS
9.180,90	139,26	9.320,16	1.553,38	10.873,54

- Técnico/a animador/a sociocultural Centro social polivalente, Soldo anual 13.827,05 €, sendo o correcto 14.026,44 €, quedando o cadro anual correcto, como segue:

SOLDO ANUAL	ANTIGUIDADE	TOTAL	PAGASE EXTRAS	RET. BRUTAS
-------------	-------------	-------	---------------	-------------



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com

14.026,44	0,00	14.026,44	2.337,74	16.364,18
-----------	------	-----------	----------	-----------

- BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO.

* Advirtense os seguintes erros:

- C) Retribucións Persoal 2018 (substitucións baixas-vacacións en servizos esenciais. Interinidade ata a cobertura do posto de traballo con carácter fixo. Programa de contratación de persoal.

Transporte asistencial: 1.107,31 €, incluídos tódolos conceptos salariais, con prorroteo mensual de pagas extraordinarias; sendo o correcto 1.101,86 €.

Auxiliar de clínica plan Concilia: 830,73 €, incluídos tódolos conceptos salariais, con prorroteo mensual de pagas extraordinarias, xornada a tempo parcial 6 horas diarias; sendo o correcto 826,64 €.

Técnico/a animador socio-cultural: 1.027,76 €, incluídos tódolos conceptos salariais, con prorroteo mensual de pagas extraordinarias, xornada a tempo parcial 6 horas diarias; sendo o correcto 1.022,76 €.

Sexto.- De acordo co previsto no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, correspóndelle ao Pleno da Corporación a aprobación e modificación dos orzamentos, de acordo co establecido na Lei Reguladora de Facendas Locais, dispoñendo dun mes desde o remate da exposición ao público para resolver as reclamacións presentadas.

Séptimo.- Contra a aprobación definitiva do orzamento poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa e, todo iso, no prazo establecido no artigo 46 da citada Lei. A interposición deste recurso non suspenderá por sí a aplicación do orzamento definitivamente aprobado, segundo sinalan os artigos 113 da Lei 7/15, do 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local e 171 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

En base ós antecedentes e disposicións normativas expostas propónse:

1º.- Desestimar as alegacións presentadas no período de exposición pública do acordo de aprobación inicial do Orzamento Municipal 2018, presentadas por:

- D. Eduardo Rejo Portela, na súa condición de Presidente da Unión Provincial da Central Sindical Independiente y de Funcionarios e D. Jerónimo Fernández Vicente, como Coordinador da Administración Local da Central Sindical Independiente y de Funcionarios na Provincia de Pontevedra (CSI-F).

- D^a Bernardina Porral Mosquera, en calidade de secretaria comarcal de CIG-Administración.

- D^a Ana M^a Alonso Romero.

- D^a Icíá García Fenández, voceira do Grupo Municipal Socialista (PSdeG-PSOE) no Concello de Meaño.

En base a motivación contida no informe da secretaria-interventora.

2º.- Rectificar os seguintes erros:

- PLAN DE INVESTIMENTOS

* Advirtense un erro na denominación do investimento Código Identificación 20/2018, denominado "Mellor dos camiños rurais de Meaño: Padrenda, Axis e Besada (Simes)"

Quedando a corrección: Mellora dos camiños rurais de Meaño: Pereiras-Meaño, Axis-Simes e A Besada-Simes.

- CADRO DE RETRIBUCIÓN ANUAL 2018 PERSOAL LABORAL FIXO

* Advirtense os seguintes erros:

- Arquitecto, Importe anual antiguidade 261,06 €; sendo o correcto 139,26 €, quedando



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com

o cadro anual correcto, como segue:

SOLDO ANUAL	ANTIGUIDADE	TOTAL	PAGASE EXTRAS	RET. BRUTAS
9.180,90	139,26	9.320,16	1.553,38	10.873,54

- Técnico/a animador/a sociocultural Centro social polivalente, Soldo anual 13.827,05 €, sendo o correcto 14.026,44 €, quedando o cadro anual correcto, como segue:

SOLDO ANUAL	ANTIGUIDADE	TOTAL	PAGASE EXTRAS	RET. BRUTAS
14.026,44	0,00	14.026,44	2.337,74	16.364,18

- BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO.

* Advirtense os seguintes erros:

- C) Retribucións Persoal 2018 (substitucións baixas-vacacións en servizos esenciais. Interinidade ata a cobertura do posto de traballo con carácter fixo. Programa de contratación de persoal.

Transporte asistencial: 1.107,31 €, incluídos tódolos conceptos salariais, con prorroteo mensual de pagas extraordinarias; sendo o correcto 1.101,86 €.

Auxliar de clínica plan Concilia: 830,73 €, incluídos tódolos conceptos salariais, con prorroteo mensual de pagas extraordinarias, xornada a tempo parcial 6 horas diarias; sendo o correcto 826,64 €.

Técnico/a animador socio-cultural: 1.027,76 €, incluídos tódolos conceptos salariais, con prorroteo mensual de pagas extraordinarias, xornada a tempo parcial 6 horas diarias; sendo o correcto 1.022,76 €.

3º.- Aproba-lo Orzamento Municipal para o exercicio económico 2018 pola contía, tanto no Estado de Gastos coma no de Ingresos de

GASTOS			INGRESOS		
Cap	Denominación	Importe €	Cap	Denominación	Importe €
1	Gastos de persoal	1.528.008,00	1	Impostos directos	1.047.000,00
2	Gastos en bens correntes e servizos	1.320.000,00	2	Impostos indirectos	30.000,00
3	Gastos financeiros	0,00	3	Taxas e outros ingresos	658.567,00
4	Transferencias correntes	162.620,00	4	Transferencias correntes	1.542.560,00
6	Investimentos reais	786.247,00	5	Ingresos patrimoniais	7.500,00
7	Transferencias de capital	19.000,00	6	Alleamento de inversións reais	1,00
8	Activos financeiros	0,00	7	Transferencias de capital	530.247,00
9	Pasivos financeiros	0,00	8	Activos financeiros	0,00
			9	Pasivos financeiros	0,00
	TOTAL	3.815.875,00		TOTAL	3.815.875,00

4º.- Aproba-las Bases de Execución do Orzamento tal e como figuran redactadas, coas delegacións contidas nas mesmas.

5º.- Formar e aproba-la Relación de Postos de Traballo e o Cadro de Persoal para o exercicio 2018, de acordo co disposto no art. 90 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en concordancia co art. 232 da Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia, nos seguintes termos:

- Creación dunha praza de administrativo de administración xeral, co ánimo afondar na especialización profesional e de impulsar o dereito á progresión na carreira profesional e promoción interna segundo os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, quedando unha das



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tif: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com

prazas de auxiliar administrativo das existentes en situación de a extinguir; extingúndose no intre de que a súa titular supere o correspondente proceso selectivo de promoción interna á praza de administrativo de administración xeral; ao abeiro do artigo 14.c) e 18 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público en concordancia co artigo 19.4, parágrafo último da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Presupostos Xerais do estado para o ano 2017.

- Incremento de nivel dos postos de traballo dos Policías Locais, co ánimo afondar na especialización profesional e competencia e de impulsar o dereito á progresión na carreira profesional nunha planificación plurianual, asignando no exercicio 2018 o complemento de destino 18 e no 2019 o complemento de destino 19.

- Reposición do posto de traballo de persoal laboral fixo de limpador/a encargada ao quedar vacante por xubilación.

- Estabilización de emprego temporal, ao abeiro do artigo 19.2.6) da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2017, que no ano 2018 lle afectará as prazas de:

- * Coidador/a-conductor/a servizo transporte asistencial-Centro Social Polivalente.
- * Coidador/a terceira idade Centro Social Polivalente.
- * Técnica sociocultural terceira idade Centro Social Polivalente.
- * Mestre Escola Infantil 0-3 anos.
- * Técnico Especialista en Xardín de Infancia ou equivalente Escola Infantil 0-3 anos.

Quedando integrada por:

- Doce prazas de funcionarios de carreira.

- Dúas praza de funcionario carreira de auxiliar administrativo a extinguir, extingúndose no intre de que as titulares supere o correspondente proceso selectivo de promoción interna á praza de administrativo de administración xeral.

- Vinte e catro postos de traballo de persoal laboral fixo.

- Postos de traballo de persoal laboral temporal, para cubrir a prestación directa dos distintos servizos, vinculados a competencias propias, competencias distintas das propias ou competencias relativas á educación e servizos sociais, que se veñen prestando con anterioridade a entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, pero que se consideran esenciais, inaprazables e imprescindibles, ao abeiro dos artigos 25 e 26 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, da Disposición Adicional decimoquinta e Disposición Transitoria segunda, da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, artigo 3.3 e Disposición adicional cuarta da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local.

Co complemento de destino (nivel) asignado a cada unha das prazas de funcionarios, que no experimentan variación con respecto as vixentes no exercicio 2017, agás as correspondentes á Policía Local que varían nos termons sinalados e complemento específico así como as retribucións do persoal laboral que figuran nos Cadros de retribucións, nas Bases de aplicación das retribucións do persoal que presta servizos para o Concello de Meaño, que dado que a esta data non se conta con Lei de Presupostos Xerais do Estado para o exercicio 2018, contéplanse as contías retributivas do exercicio 2017 polos diferentes conceptos, sobre as cales se aplicará o incremento que determine a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018; para o que se preveu nas correspondentes aplicacións orzamentarias un incremento do 1,5% que queda condicionado ao que determine a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2018, segundo determina o artigo artigos 2 e ss. do Real Decreto 861/86, de 25 de abri e nas Bases de Execución do orzamento para o exercicio 2017, coas características xerais, segundo se relacionan no seguinte:

CADRO DE PERSOAL

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

Denominación da Praza	Nº Prazas	Grupo Subgrupo	Nivel CD	Escala	Subescala
SECRETARÍA-INTERVENCIÓN	1	A/A1/A2	28	Habilit. carácter estatal	Secretaría-Intervención
TÉCNICO MEDIO ADM. XERAL ADMINISTRATIVO	1	A/A2	22	Administ. Xeral	Xestión (TM)
AUXILIAR	2	C/C	20	Administ. Xeral	Administrativa
POLICIA LOCAL	3	D/C2	18	Administ. Xeral	Auxiliar
OPERARIO	4	C/C1	16	Administ. Especial	Servicios Especiais
	1	E	14	Administ. Especial	Servicios Especiais

Auxiliar: Grupo C, Subgrupo C2, DOUS postos de Auxiliar quedan na situación "a extinguir", ao amortizarse no intre que sexa cuberta o posto de Administrativo por promoción interna.

POLICÍA LOCAL (Artigo 29 e Disposición transitoria primeira, punto 2, da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais)

Denominación da Praza	Nº Prazas	Grupo Subgrupo	Nivel CD	Escala	Categoría	Observacións
POLICÍA	1	C/C1 (A extinguir)	16	Básica	Policía	4 prazas de Policía Transformada 1 das prazas de Policía en Oficial.
POLICÍA	1	C/C1	16	Básica	Policía	
POLICÍA OFICIAL (Por transformación dunha de Policía)	1	C/C1	16	Básica	Policía	
	1	C/C1	16	Básica	Oficial	

Policía Local*: Grupo C, Subgrupo C1, situación "a extinguir" (Disposición transitoria primeira, punto 2, da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais)

No intre da acreditación da titulación académica requirida quedará integrada para tódolos efectos no Grupo/Subgrupo C/C1. Oficial, que asumirá as funcións de xefe da policía ata que sexa nomeado o xefe do corpo da Policía Local de Meaño.

B) PERSOAL LABORAL FIXO

DENOMINACIÓN	Nº PRAZAS	OBSERVACIÓNS
TÉCNICA PERSOAL-AXENTE EMPREG DESENVOL LOCAL	1(CUBERTA)	XORNADA COMPLETA
ASISTENTE SOCIAL	1(CUBERTA)	XORNADA COMPLETA
EDUCADOR/A FAMILIAR	1(CUBERTA)	XORNADA COMPLETA
INFORMADOR/A XUVENIL	1(CUBERTA)	XORNADA COMPLETA
ARQUITECTA TECNICA	1(CUBERTA)	XORNADA PARCIAL
MESTRAS EDUCACIÓN INFANTIL OU EQUIVALENTE	3(CUBERTA)	XORNADA COMPLETA
MESTRE/A EDUCACIÓN INFANTIL OU EQUIVALENTE	1(VACANTE)	XORNADA COMPLETA
TÉCNICA ESPECIALISTA XARDÍN INFANCIA	1(CUBERTA)	XORNADA COMPLETA
TÉCNICA/O ESPECIALISTA XARDIN DE INFANCIA	1 (VACANTE)	XORNADA COMPLETA
AUXILIAR ADMINISTRATIVO ATENCIÓN PRIMARIA	1(CUBERTA)	XORNADA COMPLETA
OPERARIO (Encargado obras e servicios)	1(CUBERTA)	XORNADA COMPLETA
OPERARIO SERVICIOS VARIOS	4(CUBERTAS)	XORNADA COMPLETA
OPERARIO SERVICIOS ESPECIAIS (Encargado edificios municipais)	1(CUBERTA)	XORNADA COMPLETA
LIMPADORA (Encargada)	1(VACANTE)	XORNADA COMPLETA
OPERARIO (Encargado de maquinaria)	1(CUBERTA)	XORNADA COMPLETA
ARQUITECTO/A	1(CUBERTA)	XORNADA PARCIAL
COIDADOR/A-CONDUCTOR/A TRANSP. ASISTENCI	1(VACANTE)	XORNADA COMPLETA
COIDADORA TERCEIRA IDADE CENTRO SOCIAL POLIV	1(VACANTE)	XORNADA COMPLETA
TÉCNICO/A ANIMADOR SOCIO-CULTURAL CENTRO SOCIAL POLI	1(VACANTE)	XORNADA COMPLETA

TEMPORAL

DENOMINACIÓN	Nº PRAZAS	OBSERVACIÓNS
BIBLIOTECARIO/A	1	XORNADA PARCIAL
LIMPADOR/A ESCOLA INFANTIL 0-3	1	XORNADA PARCIAL
LIMPADORES/AS CEIP /PAZO LIS/PAVILLO	6	XORNADA PARCIAL
COIDADOR/A AXUDA DOMICILIO	8	XORNADA PARCIAL
AXUDANTE DE COORDINACIÓN DE AXUDA NO FOGAR	1	XORNADA PARCIAL



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tif: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com

CONSERXE CENTRO SOCIAL	1	XORNADA PARCIAL
TÉCNICO XIMNASIA TERAPEUTICA	1	XORNADA PARCIAL
MONITORES PISCINA - VERAN	2	XORNADA COMPLETA
OPERARIO PISCINA - VERAN	1	XORNADA COMPLETA
MONITORES CAMPAMENTOS - VERAN	3/4	XORNADA COMPLETA/PARCIAL
COIDADORAS PLAN MADRUGA-COMEDOR	3	XORNADA PARCIAL
PROFESORES ESCOLA MUNICIPAL MÚSICA	15	XORNADA PARCIAL
PROFESORES ESCOLA MUNICIPAL MÚSICA-DIRECTOR	1	XORNADA PARCIAL
MONITOR ACTIVIDADES FÍSICAS	1	XORNADA PARCIAL
AUXILAR DE POLÍCIA	1	XORNADA COMPLETA

6º.- Aprobalo Cadros de Retribucións do persoal funcionario e do persoal laboral, coas características que figuran nas bases de aplicación de retribucións.

7º.- Apróbase o Anexo investimentos para o exercicio 2018.

8.- Aprobar, ó abeiro do artigo 75.1.2 e 5 e 75 bis.1 e ter.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, como cargos a desempeñar con dedicación e retribucións:

- Alcaldía, dedicación exclusiva 100% xornada. Retribución anual 43.000,00 € brutos anuais, que se distribuirán en doce mensualidades e dúas pagas extras na mesma contía ás mensualidades, cada unha delas, que se devengaran nas nóminas dos meses de xuño e decembro.
- Concelleira de cultura, educación, infancia, xuventude, deporte e ocupación do tempo libre. Coordinación de áreas e relacións intencionais, dedicación parcial, 14 horas semanais. Retribución anual 8.400,00 € brutos anuais, que se distribuirán en doce mensualidades e dúas pagas extras na mesma contía ás mensualidades, cada unha delas, que se devengaran nas nóminas dos meses de xuño e decembro
- Concelleira de os sociais e igualdade, dedicación parcial, 9 horas semanais. Retribución anual 5.600,00 € brutos anuais, que se distribuirán en doce mensualidades e dúas pagas extras na mesma contía as mensualidades, cada unha delas, que se devengaran nas nóminas dos meses de xuño e decembro.

9º.- Aprobar para o exercicio económico 2018, ao abeiro do artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a asignación de dotación económica aos Grupos Políticos, que queda fixada nunha contía total de 5.120,00 €, con cargo á aplicación presupostaria 912.48000

Esta asignación distribúese en función dun compoñente fixo, idéntico para cada grupo, que ascende a 320,00€/grupo/ano, e outro variable a razón de 320,00 €/concelleiro/ano, en función do número de membros de cada un deles, quedando asignado como sigue:

Grupo político	Nº Concelleiros	Parte fixa €	Parte variable €	Total asignación económica €
PP	7	320,00	2.240,00	2.560,00
PSdeG-PSOE	2	320,00	640,00	960,00
MI	4	320,00	1.280,00	1.600,00
TOTAL	13	960,00	4.160,00	5.120,00

Esta asignación económica non poderá destinarse o pago de remuneración de persoal de calquera tipo ao servizo da corporación nin a adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

Os grupos políticos deberán levar unha contabilidade específica desta dotación económica, que porán a disposición do Pleno da Corporación, sempre que este o pida.

10º.- Establécense, ao abeiro dos artigos 22 e 28 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, artigo 9 da Lei Xerla de Subvencións e 65 e seguintes do Real Decreto 887/2006, de 21 de



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, as seguintes subvencións nominativas:

APLICACIÓN	BENEFICIARIO	FINALIDADE	IMPORTE MÁXIMO
334.480.01	Banda Unión musical de Meaño	Director	9.000,00 €
341.48.01	Unión Dena CF	Escola deportiva de fútbol	9.000,00 €
341.480.02	Asoc. Deport. Cult. ASMUBAL	Escola deportiva de balomán	6.000,00 €

O convenio será o instrumento para canalizar estas subvencións.

11º.- Remitir copias á Delegación do Ministerio de Economía y Hacienda e da Consellería Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, coa publicación final do edicto do Orzamento, resumido por capítulos, co cadro de persoal aprobado e cargos con dedicación, segundo se establece na lexislación vixente.

Esta é a miña opinión que se somete a outra mellor fundada en dereito. Non obstante o Pleno da Corporación acordará o que estime conveniente.”

Propoñendo a inclusión doutra corrección de erros referente ao complemento de destino da Policía xa que donde figura 16 debe figurar 18, como foi acordado.

Sometido o asunto a deliberación toma a palabra a Sra. García Fernández quen sinala que a resposta da alcaldesa a súa petición de documentación é curiosa e cando menos simpática cando sinala “os datos que solicita e as aclaracións que se fan teñen que ser recopilados e contrastados e como comprenderá no mes de xaneiro hai que afrontar outras cuestións ineludibles coma presentar ante a Axencia Tributaria os Modelos 390, 303, 190 e 111; Augas de Galicia.....”. As cousas teñen que saír, si a lei sinala uns prazos haberá que cumprilos e a oposición tamén ten dereito a contar coa documentación en prazo. Engadindo que está de acordo con moitas das alegacións que se formulan nos escritos de reclamación presentados, como as relativas á convocatoria da Mesa Xeral de Negociación, ao complemento específico da policía, ao proceso de estabilización que se debería aplicar aos/as traballadores/as con máis de tres anos de antigüidade, a que se aboan os desplazamentos do persoal de axuda a domicilio en dietas, que a produtividade non sexa de libre disposición da Alcaldía e a homologación das retribucións do persoal laboral temporal coas dos funcionarios. Concluindo que non están de acordó en que se desestimen e que o seu grupo mantén a argumentación e posición exposta no pleno de aprobación inicial do Orzamento.

Toma a palabra o Sr. Ásperez Montes, quen sinala que comprobar si hai erro nas nómimas, certificados fiscais e no Modelo 190 faise nunha hora de traballo. Si estes erros e os que foron sinalados na sesión anterior se dan é motivo suficiente para votar en contra do Orzamento. A alegación formulada polos representantes dos traballadores en relación coa convocatoria e a celebración da Mesa Xeral de Negociación considera procedente porque o Orzamento e o que afecta ao persoal faise sen contar con eles para nada, hai máis traballo nas alegacións que nas partidas que afectan ao persoal. Parécenlle razoables as alegacións porque no tema laboral neste Concello actúase coma na vella escola, quen pretenda promocionar en Meaño levoa claro.



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com

Contesta a Sra. alcaldesa sinalando que, a cuestión plantexada de que os certificados fiscais que se lle remiten as/os traballadores/as do ano 2016 reflexan unha cuantía maior á retribución bruta que se establecen nos presupostos, está aclarada e débese á percepción de produtividade e especialmente a que no ano 2016 se procedeu ao aboamento do importe deixado de percibir por cada empregado, conxuntamente coa nómina do mes de abril, dos 91 días de paga extraordinaria, paga adicional de complemento específico e pagas adicionais do mes de decembro do 2012 e polo que respecta á promoción é o que se ven facendo no ano 2017 e 2018.

Toma a palabra o Sr. Radío Oubiña, quen sinala que lle parece inaceptable que non se lles aboen os desprazamentos ao persoal de axuda a domicilio, si se lle recoñece o dereito a dietas aos concelleiros porque non ao persoal de axuda a domicilio.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, por seis votos en contra, dos concelleiros do Grupo Municipal do MI e do PSdeG-PSOE, e por sete votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal do PP, aceptando o ditame-proposta da Comisión Especial de Contas, acorda:

1º.- Desestimar as alegacións presentadas no período de exposición pública ao acordo de aprobación inicial do Orzamento Municipal 2018, presentadas por:

- D. Eduardo Rejo Portela, na súa condición de Presidente da Unión Provincial da Central Sindical Independiente y de Funcionarios e D. Jerónimo Fernández Vicente, como Coordinador da Administración Local da Central Sindical Independiente y de Funcionarios na Provincia de Pontevedra (CSI-F).

- D^a Bernardina Porral Mosquera, en calidade de secretaria comarcal de CIG-Administración.

- D^a Ana M^a Alonso Robledo.

- D^a Icíá García Fenández, voceira do Grupo Municipal Socialista (PSdeG-PSOE) no Concello de Meaño.

En base ás motivacións e conclusión contidas no informe da secretaria-interventora e que forma parte do corpo do presente acordo.

2º.- Enmendar os seguintes erros:

- PLAN DE INVESTIMENTOS

* Advírtese un erro na denominación do investimento Código Identificación 20/2018, denominado “Mellor dos camiños rurais de Meaño: Padrenda, Axís e Besada (Simes)”

Quedando a corrección: Mellora dos camiños rurais de Meaño: Pereiras-Meaño, Axís-Simes e A Besada-Simes.

- CADRO DE RETRIBUCIÓN ANUAL 2018 PERSOAL LABORAL FIXO

* Adviertense os seguintes erros:

- Arquitecto, Importe anual antiguidade 261,06 €; sendo o correcto 139,26 €, quedando o cadro anual correcto, como segue:



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

SOLDO ANUAL	ANTIGUIDADE	TOTAL	PAGASE EXTRAS	RET. BRUTAS
9.180,90	139,26	9.320,16	1.553,38	10.873,54

- Técnico/a animador/a sociocultural Centro social polivalente, Soldo anual 13.827,05 €, sendo o correcto 14.026,44 €, quedando o cadro anual correcto, como segue:

SOLDO ANUAL	ANTIGUIDADE	TOTAL	PAGASE EXTRAS	RET. BRUTAS
14.026,44	0,00	14.026,44	2.337,74	16.364,18

- BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO.

* Advírtense os seguintes erros:

- C) Retribucións Persoal 2018 (substitucións baixas-vacacións en servizos esenciais. Interinidade ata a cobertura do posto de traballo con carácter fixo. Programa de contratación de persoal.

Transporte asistencial: 1.107,31 €, incluídos tódolos conceptos salariais, con prorroteo mensual de pagas extraordinarias; sendo o correcto 1.101,86 €.

Auxiliar de clínica plan Concilia: 830,73 €, incluídos tódolos conceptos salariais, con prorroteo mensual de pagas extraordinarias, xornada a tempo parcial 6 horas diarias; sendo o correcto 826,64 €.

Técnico/a animador socio-cultural: 1.027,76 €, incluídos tódolos conceptos salariais, con prorroteo mensual de pagas extraordinarias, xornada a tempo parcial 6 horas diarias; sendo o correcto 1.022,76 €.

- COMPLEMENTO DE DESTINO.

* Advírtese un erro no complemento de destino da Policía Local nalgúns cadros, así donde figura o 16 debe figurar o 18.

3º.- Aprobar definitivamente o Orzamento Municipal para o exercicio económico 2018 pola contía, tanto no Estado de Gastos coma no de Ingresos, de

GASTOS			INGRESOS		
Cap	Denominación	Importe €	Cap	Denominación	Importe €
1	Gastos de persoal	1.528.008,00	1	Impostos directos	1.047.000,00
2	Gastos en bens correntes e servizos	1.320.000,00	2	Impostos indirectos	30.000,00
3	Gastos financeiros	0,00	3	Taxas e outros ingresos	658.567,00
4	Transferencias correntes	162.620,00	4	Transferencias correntes	1.542.560,00
6	Investimentos reais	786.247,00	5	Ingresos patrimoniais	7.500,00
7	Transferencias de capital	19.000,00	6	Alleamento de inversións reais	1,00
8	Activos financeiros	0,00	7	Transferencias de capital	530.247,00
9	Pasivos financeiros	0,00	8	Activos financeiros	0,00
			9	Pasivos financeiros	0,00
	TOTAL	3.815.875,00		TOTAL	3.815.875,00

4º.- Aprobá-las Bases de Execución do Orzamento tal e como figuran redactadas, coas delegacións contidas nas mesmas.

5º.- Formar e aproba-la Relación de Postos de Traballo e o Cadro de Persoal para o exercicio 2018, de acordo co disposto no art. 90 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en concordancia co art. 232 da Lei 5/1997, do 22 de xullo



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com

de Administración Local de Galicia, nos seguintes termos:

- Creación dunha praza de administrativo de administración xeral, co ánimo afondar na especialización profesional e de impulsar o dereito á progresión na carreira profesional e promoción interna segundo os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, quedando unha das prazas de auxiliar administrativo das existentes en situación de a extinguir; extingúndose no intre de que a súa titular supere o correspondente proceso selectivo de promoción interna á praza de administrativo de administración xeral; ao abeiro do artigo 14.c) e 18 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público en concordancia co artigo 19.4, parágrafo último da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Presupostos Xerais do estado para o ano 2017.

- Incremento de nivel dos postos de traballo dos Policías Locais, co ánimo afondar na especialización profesional e competencia e de impulsar o dereito á progresión na carreira profesional nunha planificación plurianual, asignando no exercicio 2018 o complemento de destino 18 e no 2019 o complemento de destino 19.

- Reposición do posto de traballo de persoal laboral fixo de limpador/a encargada ao quedar vacante por xubilación.

- Estabilización de emprego temporal, ao abeiro do artigo 19.2.6) da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2017, que no ano 2018 lle afectará as prazas de:

- * Coidador/a-conductor/a servizo transporte asistencial-Centro Social Polivalente.
- * Coidador/a terceira idade Centro Social Polivalente.
- * Técnica sociocultural terceira idade Centro Social Polivalente.
- * Mestre Escola Infantil 0-3 anos.
- * Técnico Especialista en Xardín de Infancia ou equivalente Escola Infantil 0-3 anos.

Quedando integrada por:

- Doce prazas de funcionarios de carreira.
- Dúas praza de funcionario carreira de auxiliar administrativo a extinguir, extingúndose no intre de que as titulares supere o correspondente proceso selectivo de promoción interna á praza de administrativo de administración xeral.

- Vinte e catro postos de traballo de persoal laboral fixo.

- Postos de traballo de persoal laboral temporal, para cubrir a prestación directa dos distintos servizos, vinculados a competencias propias, competencias distintas das propias ou competencias relativas á educación e servizos sociais, que se veñen prestando con anterioridade a entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, pero que se consideran esenciais, inaprazables e imprescindibles, ao abeiro dos artigos 25 e 26 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, da Disposición Adicional decimoquinta e Disposición Transitoria segunda, da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, artigo 3.3 e Disposición adicional cuarta da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local.

Co complemento de destino (nivel) asignado a cada unha das prazas de funcionarios, que no experimentan variación con respecto as vixentes no exercicio 2017, agás as correspondentes á Policía Local que varían nos termos sinalados e complemento específico así como as



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

retribucións do persoal laboral que figuran nos Cadros de retribucións, nas Bases de aplicación das retribucións do persoal que presta servizos para o Concello de Meaño, que dado que a esta data non se conta con Lei de Presupostos Xerais do Estado para o exercicio 2018, contémpanse as contías retributivas do exercicio 2017 polos diferentes conceptos, sobre as cales se aplicará o incremento que determine a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018; para o que se preveu nas correspondentes aplicacións orzamentarias un incremento do 1,5% que queda condicionado ao que determine a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2018, segundo determina o artigo artigos 2 e ss. do Real Decreto 861/86, de 25 de abril e nas Bases de Execución do orzamento para o exercicio 2017, coas características xerais, segundo se relacionan no seguinte:

CADRO DE PERSOAL B) FUNCIONARIOS DE CARREIRA

Denominación da Praza	Nº Prazas	Grupo Subgrupo	Nivel CD	Escala	Subescala
SECRETARÍA-INTERVENCIÓN	1	A/A1/A2	28	Habilit. carácter estatal	Secretaría-Intervención
TÉCNICO MEDIO ADM. XERAL ADMINISTRATIVO	1	A/A2	22	Administ. Xeral	Xestión (TM)
AUXILIAR	2	C/C	20	Administ. Xeral	Administrativa
POLICIA LOCAL	3	D/C2	18	Administ. Xeral	Auxiliar
OPERARIO	4	C/C1	18	Administ. Especial	Servicios Especiais
	1	E	14	Administ. Especial	Servicios Especiais

Auxiliar: Grupo C, Subgrupo C2, DOUS postos de Auxiliar quedan na situación "a extinguir", ao amortizarse no intre que sexa cuberta o posto de Administrativo por promoción interna.

POLICÍA LOCAL (Artigo 29 e Disposición transitoria primeira, punto 2, da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais)

Denominación da Praza	Nº Prazas	Grupo Subgrupo	Nivel CD	Escala	Categoría	Observacións
POLICÍA	1	C/C1 (A	18	Básica	Policía	4 prazas de Policía Transformada 1 das prazas de Policía en Oficial.
POLICÍA	1	extinguir)	18	Básica	Policía	
POLICÍA	1	C/C1	18	Básica	Policía	
OFICIAL (Por transformación dunha de Policía)	1	C/C1 C/C1	18	Básica	Oficial	

Policia Local*: Grupo C, Subgrupo C1, situación "a extinguir" (Disposición transitoria primeira, punto 2, da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais)

No intre da acreditación da titulación académica requirida quedará integrada para tódolos efectos no Grupo/Subgrupo C/C1.

Oficial, que asumirá as funcións de xefe da policía ata que sexa nomeado o xefe do corpo da Policía Local de Meaño.

B) PERSOAL LABORAL FIXO

DENOMINACIÓN	Nº PRAZAS	OBSERVACIÓNS
TÉCNICA PERSOAL-AXENTE EMPREG DESENVOL LOCAL	1(CUBERTA)	XORNADA COMPLETA
ASISTENTE SOCIAL	1(CUBERTA)	XORNADA COMPLETA
EDUCADOR/A FAMILIAR	1(CUBERTA)	XORNADA COMPLETA
INFORMADOR/A XUVENIL	1(CUBERTA)	XORNADA COMPLETA
ARQUITECTA TECNICA	1(CUBERTA)	XORNADA PARCIAL
MESTRAS EDUCACIÓN INFANTIL OU EQUIVALENTE	3(CUBERTA)	XORNADA COMPLETA
MESTRE/A EDUCACIÓN INFANTIL OU EQUIVALENTE	1(VACANTE)	XORNADA COMPLETA
TÉCNICA ESPECIALISTA XARDÍN INFANCIA	1(CUBERTA)	XORNADA COMPLETA
TÉCNICA/O ESPECIALISTA XARDIN DE INFANCIA	1 (VACANTE)	XORNADA COMPLETA
AUXILIAR ADMINISTRATIVO ATENCIÓN PRIMARIA	1(CUBERTA)	XORNADA COMPLETA



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tif: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com

OPERARIO (Encargado obras e servicios)	1(CUBERTA)	XORNADA COMPLETA
OPERARIO SERVICIOS VARIOS	4(CUBERTAS)	XORNADA COMPLETA
OPERARIO SERVICIOS ESPECIAIS (Encargado edificios municipais)	1(CUBERTA)	XORNADA COMPLETA
LIMPADORA (Encargada)	1(VACANTE)	XORNADA COMPLETA
OPERARIO (Encargado de maquinaria)	1(CUBERTA)	XORNADA COMPLETA
ARQUITECTO/A	1(CUBERTA)	XORNADA PARCIAL
COIDADOR/A-CONDUCTOR/A TRANSP. ASISTENCI	1(VACANTE)	XORNADA COMPLETA
COIDADORA TERCEIRA IDADE CENTRO SOCIAL POLIV	1(VACANTE)	XORNADA COMPLETA
TÉCNICO/A ANIMADOR SOCIO-CULTURAL CENTRO SOCIAL POLI	1(VACANTE)	XORNADA COMPLETA

TEMPORAL

DENOMINACIÓN	Nº PRAZAS	OBSERVACIONES
BIBLIOTECARIO/A	1	XORNADA PARCIAL
LIMPADOR/A ESCOLA INFANTIL 0-3	1	XORNADA PARCIAL
LIMPADORES/AS CEIP /PAZO LIS/PAVILLO	6	XORNADA PARCIAL
COIDADOR/A AXUDA DOMICILIO	8	XORNADA PARCIAL
AXUDANTE DE COORDINACIÓN DE AXUDA NO FOGAR	1	XORNADA PARCIAL
CONSERXE CENTRO SOCIAL	1	XORNADA PARCIAL
TÉCNICO XIMNASIA TERAPEUTICA	1	XORNADA PARCIAL
MONITORES PISCINA - VERAN	2	XORNADA COMPLETA
OPERARIO PISCINA - VERAN	1	XORNADA COMPLETA
MONITORES CAMPAMENTOS - VERAN	3/4	XORNADA COMPLETA/PARCIAL
COIDADORAS PLAN MADRUGA-COMEDOR	3	XORNADA PARCIAL
PROFESORES ESCOLA MUNICIPAL MÚSICA	15	XORNADA PARCIAL
PROFESORES ESCOLA MUNICIPAL MÚSICA-DIRECTOR	1	XORNADA PARCIAL
MONITOR ACTIVIDADES FÍSICAS	1	XORNADA PARCIAL
AUXILAR DE POLÍCIA	1	XORNADA COMPLETA

6º.- Aproba-los Cadros de Retribucións do persoal funcionario e do persoal laboral, coas características que figuran nas bases de aplicación de retribucións.

7º.- Apróbbase o Anexo investimentos para o exercicio 2018.

8.- Aprobar, ó abeiro do artigo 75.1.2 e 5 e 75 bis.1 e ter.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, como cargos a desempeñar con dedicación e retribucións:

- Alcaldía, dedicación exclusiva 100% xornada. Retribución anual 43.000,00 € brutos anuais, que se distribuirán en doce mensualidades e dúas pagas extras na mesma contía ás mensualidades, cada unha delas, que se devengaran nas nóminas dos meses de xuño e decembro.
- Concelleira de cultura, educación, infancia, xuventude, deporte e ocupación do tempo libre. Coordinación de áreas e relacións intitucionais, dedicación parcial, 14 horas semanais. Retribución anual 8.400,00 € brutos anuais, que se distribuirán en doce mensualidades e dúas pagas extras na mesma contía ás mensualidades, cada unha delas, que se devengaran nas nóminas dos meses de xuño e decembro
- Concelleira de os sociais e igualdade, dedicación parcial, 9 horas semanais. Retribución anual 5.600,00 € brutos anuais, que se distribuirán en doce mensualidades e dúas pagas extras na mesma contía as mensualidades, cada unha delas, que se devengaran nas nóminas dos meses de xuño e decembro.

9º.- Aprobar para o exercicio económico 2018, ao abeiro do artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a asignación de dotación



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

económica aos Grupos Políticos, que queda fixada nunha contía total de 5.120,00 €, con cargo á aplicación presupostaria 912.48000

Esta asignación distribúese en función dun compoñente fixo, idéntico para cada grupo, que ascende a 320,00€/grupo/ano, e outro variable a razón de 320,00 €/concelleiro/ano, en función do número de membros de cada un deles, quedando asignado como sigue:

Grupo político	Nº Concelleiros	Parte fixa €	Parte variable €	Total asignación económica €
PP	7	320,00	2.240,00	2.560,00
PSdeG-PSOE	2	320,00	640,00	960,00
MI	4	320,00	1.280,00	1.600,00
TOTAL	13	960,00	4.160,00	5.120,00

Esta asignación económica non poderá destinarse o pago de remuneración de persoal de calquera tipo ao servizo da corporación nin a adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

Os grupos políticos deberan levar unha contabilidade específica desta dotación económica, que porán a disposición do Pleno da Corporación, sempre que este o pida.

10º.- Establécense, ao abeiro dos artigos 22 e 28 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, artigo 9 da Lei Xerla de Subvencións e 65 e seguintes do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, as seguintes subvencións nominativas:

APLICACIÓN	BENEFICIARIO	FINALIDADE	IMPORTE MÁXIMO
334.480.01	Banda Unión musical de Meaño	Director	9.000,00 €
341.48.01	Unión Dena CF	Escola deportiva de fútbol	9.000,00 €
341.480.02	Asoc. Deport. Cult. ASMUBAL	Escola deportiva de balonmán	6.000,00 €

O convenio será o instrumento para canalizar estas subvencións.

11º.- Remitir copias á Delegación do Ministerio de Economía y Hacienda e da Consellería Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, coa publicación final do edicto do Orzamento, resumido por capítulos, co cadro de persoal aprobado e cargos con dedicación, segundo se establece na lexislación vixente.

3º.- DELEGACIÓN NA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DAS COMPETENCIAS RELATIVAS Á CONVOCATORIA E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS SELECTIVOS PARA O ACCESO ÁS DIFERENTES CATEGORÍAS DO CORPO DE POLICÍA LOCAL E AS PRAZAS DE AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL.

A Sra. Alcaldesa-presidenta dalle conta aos membros da Corporación da proposta da Alcaldía de delegación na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia das competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías do corpo da Policía Local do Concello



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

de Meaño e as prazas de auxiliares de Policía Local, a vista do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixiantes municipais e auxiliares de policía local, do convenio tipo para a asunción pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de policía local e as prazas de auxiliares de policía local ou as prazas de vixilantes municipais e do informe-proposta emitido pola secretaria-interventora deste Concello.

Sometido o asunto a deliberación toma a palabra a Sra. García Fernández, quen sinala que para a selección dun aspirante se deben ter en conta diversos factores coma os coñecementos requiridos, a capacidade de relacionarse cos compañeiros, o coñecemento do termo municipal, etc. e non só a titulación académica; ao delegar a selección na Xunta de Galicia deixaranse de lado estes factores que no día a día do desenvolvemento das funcións destes postos de traballo son importantes.

Toma a palabra o Sr. Ásperez Montes, quen sinala que votaran en contra, ao que a Sra. Alcadesa lle puntualiza que en relación con este asunto na Comisión Especial de Contas votara a favor da proposta. Contestando o Sr. Ásperez Montes que cambiaran de idea e engade que as probas teñen que ser limpas e para delegar hai tempo e que nos procesos selectivos se deben ter en conta as peculiaridades e particularidades de cada concello.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, por seis votos en contra dos concelleiros dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e de MI e por sete votos a favor dos concellerios do grupo municipal do PP, aceptando o ditame proposta da Comisión Especial de Contas, acorda:

1º.- Delegar na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia as competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías do corpo da Policía Local do Concello de Meaño e as prazas de auxiliares de Policía Local, nos termos do CONVENIO TIPO PARA A ASUNCIÓN POLA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DA CONVOCATORIA E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS SELECTIVOS UNITARIOS PARA O ACCESO ÁS DIFERENTES CATEGORÍAS DOS CORPOS DE POLICÍA LOCAL E AS PRAZAS DE AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL OU AS PRAZAS DE VIXIANTES MUNICIPAIS.

2º.- Facultar, tan amplamente como sexa preciso, á Sra. alcaldesa D^a M^a Lourdes Ucha para a sinatura do correspondente convenio, que terá por obxecto instrumentar a delegación efectuada por este Concello.



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

4º.- DAR CONTA DOS INFORMES DE INTERVENCIÓN DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES DO 4º TRIMESTRE 2017.

A Sra. alcaldesa cédelle a palabra a secretaria-interventora, quen sinala que tódalas Administracións Públicas, nun exercicio de transparencia, deberán facer público o seu período medio de pago que deberán calcular de acordo cunha metodoloxía común establecida no R.D. 635/2014 de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas.

O período medio de pago mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido no texto refundido da lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro e na Le3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

O artigo 6 do R.D. 635/2014 de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas, en relación á publicidade do período medio de pago a provedores establece que as comunidades autónomas e as corporacións locais remitirán ao Ministerio de Facenda e Administracións públicas periodicamente, de acordo co que se prevé na Orde HAP/2015/2012, de 1 de outubro, polo que se desenvolven as obrigas de subministro de información prevista na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, a información relativa ó seu período medio de pago a provedores referido, segundo corresponda, ó mes ou trimestre anterior.

Á vista deste precepto legal elaborouse o período medio de pago a provedores do Concello de Meaño correspondente ao 4º trimestre de 2017 que resulta:

Período	Ratio operacións pagadas (días)	Importe pagos realizados	Ratio operacións pendentes de pago (días)	Importe pagos pendentes (€)	Período medio de pago global a provedores trimestral (días)
4º Trimestre 2017	12,71	575.609,38	0,00	0,00	-12,71

De conformidade co disposto na Lei Órgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade financeira e no R.D. 635/2014 de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas, o Pleno queda enterado do período medio de pago a provedores do Concello de Meaño correspondentes ao cuarto trimestre 2017.

5º.- DAR CONTA DO INFORME DO CUMPRIMENTO DURANTE O 4º TRIMESTRE 2017 DOS PRAZOS DE PAGOS DE OBRIGAS EN RELACIÓN CO DISPOSTO NA LEI 3/2004, DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.

A Sra. alcaldesa-presidenta cédelle a palabra á secretaria-interventora, quen da



conta, someramente do cumprimento dos prazos de pago de obrigas en relación co disposto na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, correspondentes ao 4º trimestre 2017, datos que forman parte do informe da execución do Plan de axuste previsto na Disposición final décima da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de Presupostos Xerais do Estado para o exercicio de 2012 e que foi aprobado mediante Resolución da Alcaldía de data 31-01-2018:

“INFORME DE SECRETARIA-INTERVENCIÓN

Asunto: Análisis de la ejecución del Plan de ajuste previsto en la Disposición final décima de la Ley 2/2012, de 29 de junio, de Presupuestos Generales del Estado para el ejercicio de 2012 para los efectos de corregir el incumplimiento de los plazos establecidos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales (4º TR 2017).

LEGISLACIÓN APLICABLE

1º.- Disposición final décima de la Ley 2/2012, de 29 de junio de Presupuestos Generales del Estado para el ejercicio de 2012.

2º.- Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad presupuestaria y Sostenibilidad Financiera.

3º. Artículo 53-2 y 122 del RDL 2/2004, de 5 de marzo (TRLRHL).

4º. Disposición final decimoquinta de la Ley 39/2010, de 22 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2011

5º. Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales.

6º.- Real Decreto-ley 4/2013, do 22 de febreiro, de medidas de apoio al emprendimiento y de estímulo del crecimiento y de la creación de empleo (artículo 33 y disposición final séptima).

7º.- Real Decreto 635/2014, de 25 de julio, por el que se desarrolla la metodología de cálculo del periodo medio de pago a proveedores de las Administraciones Públicas y las condiciones y el procedimiento de retención de recursos de los regímenes de financiación, previstos en la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera.

ANTECEDENTES Y FUNDAMENTOS

- La Disposición final décima de la Ley 2/2012, de 29 de junio de Presupuestos Generales del Estado para el ejercicio de 2012, establece la posibilidad de reintegrar al Estado los importes pendientes de las liquidaciones definitivas de la participación en tributos del Estado de los años 2008 y 2009 a 1 de enero de 2012 en 120 mensualidades para aquellas Entidades locales a las que, a la fecha de publicación de esta norma, hayan presentado la liquidación de sus presupuestos generales del ejercicio 2011.

Para ello exige que las Entidades locales que incumplan los objetivos de estabilidad presupuestaria, límites de endeudamiento que le resulten de aplicación o los plazos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales, deberán aprobar un plan de ajuste, que garantice la corrección de aquellos incumplimientos, mediante acuerdo de sus respectivos Plenos, que, además, deberán aceptar la posible imposición por el Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas de condiciones particulares en materia de seguimiento y remisión de información, así como, en su caso, de adopción de medidas de ajuste extraordinarias que permitan aquella corrección. Debiendo presentar ante el Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas el certificado del Secretario o del Secretario-interventor del acuerdo



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

del Pleno con este contenido y aprobatorio del plan de ajuste, así como el informe del interventor o del secretario-interventor en el que se recojan las medidas del plan.

- El Pleno de la Corporación en sesión extraordinaria y urgente de fecha 5 de julio de 2012, acordo:

“1º.- Aprobar el Plan de ajuste previsto en la Disposición final décima de la Ley 2/2012, de 29 de junio, de Presupuestos Generales del Estado para el ejercicio de 2012 para los efectos de corregir el incumplimiento de los plazos establecidos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales y que consistirá en adoptar las medidas que se contemplan en el informe de Secretaría-Intervención, con el objeto de mejorar los plazos de pago establecidos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre:

a) Facturas:

Las facturas se presentarán dentro de los tres días hábiles siguientes a la fecha de su expedición, si se presentan directamente en el registro general o en el registro de facturas del Ayuntamiento de Meaño y dentro de los cinco días hábiles siguientes a la fecha de expedición si la remiten por correo, salvo casos excepcionales debidamente justificados.

El procedimiento para la tramitación de las facturas se agilizará de forma que permita compatibilizar el cumplimiento del plazo establecido legalmente y la realización de pagos, que tendrá, con carácter general, una periodicidad mínima mensual, por lo que todos los trámites de gestión y contabilización intermedios deberán coordinarse y agilizarse en aras alcanzar el objetivo del cumplimiento del plazo legal establecido.

b) Certificaciones de obras, con carácter general:

- Las certificaciones y facturas que acompañan a las certificaciones se presentarán en el registro general o en el registro de facturas del Ayuntamiento de Meaño dentro de los cinco días hábiles siguientes a la fecha de su expedición .

De conformidad con lo previsto en el Real Decreto 1098/2001, de 12 de octubre, por el que se aprueba el Reglamento General de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas, la dirección de la obra realizará mensualmente y en la forma y condiciones que establezca el pliego de condiciones, la medición de las unidades de obra ejecutadas durante el período de tiempo anterior. Estas mediciones deberán realizarse a partir del día 20 de cada mes, debiéndose expedir en los tres días siguientes la correspondiente certificación de obra, que tomara como base las mediciones de las unidades de obra ejecutadas en el último período con la correspondiente relación valorada al origen en relación con los precios contratados.

- Dicha certificación deberá presentarse en el registro antes del último día de cada mes.

c) En el caso de que la fecha de emisión sea superior a tres días (facturas) o cinco días (certificaciones) al día de presentación en el registro general o en el registro de facturas, el centro gestor deberá rechazarla y no tramitarla, solicitando al emisor de la misma que modifique la fecha de emisión, si ello fuera posible.

d) La contabilización de la realización del pago se deberá hacer de forma inmediata a la recepción de de la información bancaria y con fecha valor del día que se cargó en cuenta.

2º.- Aceptar la posible imposición por parte del Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas de condiciones particulares en materia de seguimiento y remisión de información, así como, en su caso, de adopción de medidas de ajuste extraordinarias que permitan aquella corrección.

3º.- Dar traslado de la certificación del presente acuerdo al Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas junto con el informe de Secretaría-Intervención en el que se recojen las medidas del Plan de ajuste.”

- La Disposición adicional primera en el punto 6 da Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com

Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera, establece que las Corporaciones Locales con periodicidad anual deberán presentar al Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas un informe del Interventor sobre la ejecución de los planes de ajuste.

Por su parte el artículo 10 de la Orden HAP/2015/2012, de 1 de octubre, por la que se desarrollan las obligaciones de suministro de información previstas en la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera en virtud de la modificación dada por la Orden HAP/2082/2014, de 7 de noviembre, establece en el punto 1 que la Administración que cuente con un plan de ajuste acordado con el Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, durante a su vigencia, deberá remitir al mencionado Ministerio antes del día 30 del primer mes siguiente a la finalización de cada trimestre en el caso de las Corporaciones Locales, sobre los extremos señalados en este punto.

- El Real Decreto-ley 4/2013, do 22 de febrero, de medidas de apoyo al emprendimiento y de estímulo del crecimiento y de la creación de empleo, en el artículo 33 modifica la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales, estableciendo que:

“1. El plazo de pago que debe cumplir el deudor, si no hubiera fijado fecha o plazo de pago en el contrato, será de treinta días naturales después de la fecha de recepción de las mercancías o prestación de los servicios, incluso cuando hubiera recibido la factura o solicitud de pago equivalente con anterioridad.”

y la Disposición final séptima modifica el apartado 4 del texto refundido de la Ley de Contratos des Sector Público, aprobado por Rea l Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de noviembre, estableciendo que:

«4. La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 222.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá de haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio.

Sin perjuicio de lo establecido en los artículos 222.4 y 235.1, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio, salvo acuerdo expreso en contrario establecido en el contrato y en alguno de los documentos que rijan la licitación.

En todo caso, si el contratista incumpliera el plazo de treinta días para presentar la factura ante el registro administrativo, el devengo de intereses no se iniciará hasta transcurridos treinta días desde la fecha de presentación de la factura en el registro correspondiente, sin que la Administración haya aprobado la conformidad, si procede, y efectuado el correspondiente abono.»

- La Ley 15/2010 de modificación de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales establece en su artículo 4º que las corporaciones locales elaborarán un informe trimestral sobre el cumplimiento